

20/06/2025

AVISO FITOSANITARIO

Control de perforadores en masas de piñeiros

O clima de Galicia, non é moi favorable ao desenvolvemento dos insectos xilófagos das coníferas como ocorre noutras rexións da península de clima máis seco. Sen embargo, a seca dos últimos anos así como os incendios e a falta de silvicultura nalgúñas masas fai que estas se debiliten progresivamente, incentivando unha proliferación das poboacións de xilófagos na comunidade.

Estes insectos, aínda que se presenten en poboacións máis ou menos en equilibrio, poden contribuír á dispersión de certos patóxenos de elevada perigosidade para as especies susceptibles, como é o caso do fungo *Fusarium circinatum* para as masas de *Pinus spp.*



No caso dos *Ips sexdentatus* os insectos adultos e as larvas desenvolven un sistema de galerías subcorticais que rematan anelando a árbore. É o escolítido máis grande de Europa. As galerías de grande lonxitude (ata un metro), con brazos máis ou menos paralelos en ambos os dous sentidos respecto á cámara de pupación, responden á poligamia que presenta este insecto. De estas galerías maternas saíran perpendicularmente as galerías de larvas.

As capturas de xilófagos conséguense mediante trampas multiembudo ou crosstrap, instaladas en montes de *Pinus sp.* As trampas están cebadas con atraentes do insecto e con feromonas de agregación de escolítidos.

Rhyacionia buoliana é un lepidoptero que ataca fundamentalmente a planta nova perdurando os seus danos durante toda a vida da planta, sendo o piñeiro radiata o máis susceptible de ser atacado. Dá orixe a árbores en "baioneta" e a fortes deformacións do madeiro. Presenta unha xeración anual, pasa o inverno en forma de larva no interior dos brotes, en primavera reinicia a súa actividade aumentando os danos.



Para o seu control colocásense trampas triangulares con feromona de *Rhyacionia buoliana*, que permitirán capturar os machos na época de apareamento.

Para evitar a propagación de estes insectos perforadores instaláronse trampas de captura e realizaranse revisións tanto para facer un seguimento do tamaño das poboacións de insectos perforadores como para a captura masiva destes, tanto en montes de xestión pública como en hortos de semente da Xunta de Galicia

PLANO COLOCACIÓN TRAMPAS PARA A CAPTURA DE PERFORADORES

